

2024  
convocatoria


Bioloxía e CC. da Saúde

Ciencias Técnicas

Química e Xeoloxía

CC. Económicas e Sociais

Matemáticas, Física e  
CC. da Computación



# Medallas de Investigación da REAL ACADEMIA GALEGA DE **CIENCIAS**



Un dos principais obxectivos da Real Academia Galega de **Ciencias** (RAGC) é a promoción da Ciencia e a Tecnoloxía en Galicia, tratando de transmitir á sociedade o aprecio polos valores científicos. Para recoñecer publicamente traxectorias senlleiras en investigación, a RAGC convoca as **“Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias”**, identificadas con científicas ou científicos de gran relevancia, fundadores da RAGC ou elixidos como “Científicos do ano”.



**RAGC** / REAL ACADEMIA  
GALEGA DE **CIENCIAS**

## BASES

1. Convócanse as “Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias” para recoñecer o liderado na traxectoria consolidada de científicas e científicos en activo que desenvolvan a súa actividade en centros de investigación de Galicia.
2. Outorgaranse 5 medallas á investigación, unha por cada **sección da RAGC**.
  - Medalla “Ángeles Alvariño González”, no ámbito da Bioloxía e CC. da Saúde.
  - Medalla “Isidro Parga Pondal”, no ámbito das Ciencias Técnicas.
  - Medalla “Antonio Casares Rodríguez”, no ámbito da Química e Xeoloxía.
  - Medalla “Domingo García-Sabell Rivas”, no ámbito das CC. Económicas e Sociais.
  - Medalla “Enrique Vidal Abascal”, no ámbito das Matemáticas, Física e CC. da Computación.
3. As propostas poderán ser presentadas por:
  - I. Alomenos dez profesores ou investigadores expertos no ámbito da proposta
  - II. Departamentos ou Institutos de Investigación
  - III. Centros de Investigación de Galicia

As propostas poderán ser avaladas conxuntamente por máis dunha entidade. Incorporaranse as propostas de candidatas e candidatos dos dous anos anteriores.
4. Na proposta incluírase:
  - a. Un documento de ata 5 páxinas onde se describa a traxectoria investigadora estruturada nas seguintes dimensións:
    - I. **A traxectoria científica**, destacando a contribución á creación de coñecemento, salientando a promoción de liñas de traballo e a súa consolidación, a execución de proxectos ou contratos de investigación e os resultados publicados en libros e revistas ou rexistrados como patentes.
    - II. Capacidade de **formación**, especialmente de doutoras e doutores, e a creación dunha escola de Investigación.
    - III. O **impacto**, considerando a transferencia dos resultados, o liderado en comités e redes españolas e internacionais e a inserción na sociedade científica internacional.
  - b. *Currículum vitae* abreviado (CVA) da candidata ou candidato (máximo 4 páxinas).
5. O prazo da convocatoria remata o 13 de setembro de 2024. Remítanse á RAGC por correo electrónico á dirección [ragciencias@ragc.gal](mailto:ragciencias@ragc.gal), indicando no asunto “Medallas de Investigación da RAGC”.
6. Cada unha das Seccións da RAGC propondrá ata 3 candidatas ou candidatos, correspondendo a elección final á Xunta de Goberno. O premio poderá declararse vacante en calquera das seccións, pero non poderá ser compartido.
7. As premiadas e os premiados recibirán sendas medallas e diplomas acreditativos, que se entregarán nun acto público que se celebrará o día 8 de outubro, Día da Ciencia en Galicia.